



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 2 DE ABRIL DE 2018.

ASISTENTES

GRUPO POLITICO

ALCALDESA, que preside:

Dª Mª Lourdes Ucha Varela PP

CONCELLEIROS:

D. José Ramón Gondar Pintos PP

D. Ramón Tilve Castro PP

Dª. Milagros Pérez Gándara PP

Dª Mª Pilar González Dopazo PP

D. José Manuel Méndez Lázaro PP

D. José Manuel Ásperez Montes MI

D. Antonio Rial Lastres MI

D. José Varela Budelo MI

Dª Mª del Pilar Prado González MI

CONCELLEIROS NON ASISTENTES:

Dª. Rosalina Lima Prado PP

D. Icíja García Fernández PSdeG-PSOE

D. Manuel Radio Oubiña PSdeG-PSOE

SECRETARIA:

Dª Mª Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial de Meaño, ás 9:15 horas do día 2 de abril de 2018, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quórum necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 5 DE FEBREIRO DE 2018.

Dáse conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria de data 12 febreiro de 2018, non do 5 de febreiro como figura na convocatoria, preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Sometida a votación ordinaria a aprobación da mesma queda aprobada por unanimidade dos dez membros presentes.

2º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2018-2019. LIÑA 1 INVESTIMENTOS PARA A REALIZACIÓN, CON CARÁCTER PLURIANUAL, DA OBRA "PROXECTO DE URBANIZACIÓN PARA PRAZA PÚBLICA NA R/PONTE DENA-DENA".

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta da seguinte proposta da alcaldía na que





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

sinala que “Vistas as Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicadas integramente no BOP nº 2 de data 3 de xaneiro de 2018 e en extrato no BOP nº 3 de data 4 de xaneiro de 2018, que teñen por obxecto reglar o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este Plan de carácter bianual para actuacións de competencia municipal e das que poderán beneficiarse os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes.

Considerando que, segundo se sinala na base quinta, das devanditas Bases, no exercicio 2018, correspóndelle a cada concello distribuir libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás disitntas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Se ademais se solicita a tramitación dun investimento plurianual de importe igual ou superior a 100.000 euros, concederáse tamén a subvención correspondente con cargo ao exercicio 2019, non podendo ser superior para cada investimento á subvención correspondente ao exercicio 2018; tendo en conta que no exercicio 2019 a contía asignada a cada concello será destinada íntegramente ao financiamento de investimentos.

Considerando que dos criterios de reparto establecidos nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 a cantidade individual e definitiva que lle corresponde ao Concello de Meaño para o financiamento das solicitudes acollidas a liña 1 e 2 no exercicio 2018 ascenden a 386.626,08 € e no 2019 para a liña 1 a cantidade de 356.412,36 €.

Visto o proxecto de urbanización para praza pública na R/Ponte Dena-Dena redactado polo arquitecto D. Isidoro Callejo Rey, que ascende a un presuposto total de execución por contrata de 348.809,68 €.

Considerando que, poderán adquirirse compromisos por gastos de investimentos que teñan que extenderse a exercizos posteriores a aquel no que se autorice, sempre que a execución se inicie no propio exercicio.

Considerando que, o número de exercicios a que poden aplicarse os gastos de investimentos plurianuais non poderá ser superior a catro e que o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar o crédito correspondente do ano na que a operación se comprometeu as seguintes porcentaxes: no exercizo inmediato seguinte, o 70%; no segundo exercizo, o 60%, e no terceiro e cuarto o 50%; correspondéndolle ao Pleno da Corporación ampliar o número de anualidades así como elevar estas porcentaxes.

Visto o que antecede e o informe da secretaria-interventora, esta Alcaldía proponlle a Comisión Especial de Contas que, informados das Bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 cuxo contido se coñece e acepta na súa totalidade, ditamine favorablemente este asunto e a súa vez lle propoña ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Solicitar unha subvención por importe de 348.809,68 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 con destino á realización e financiamento, con carácter plurianual, do investimento “PROXECTO DE URBANIZACIÓN PARA PRAZA PÚBLICA NA R/PONTE DENA-DENA”, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. Isidoro Callejo Rey, coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
2018	185.153,00 €	185.153,00 €
2019	163.656,68 €	163.656,68 €
TOTAL	348.809,68 €	348.809,68 €



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

2º.- O devandito gasto executarase en dous exercicios (2018-2019), elevando a porcentaxe do gasto que se imputará ao exercizo 2019, establecida para o exercizo inmediato seguinte.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.”

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra o Sr. Ásperez Montes quen sinala que lle parece desafortunada a convocatoria deste pleno tanto polo horario, proba delo e que os membros dun grupo municipal non puideron asistir imaxina que por cuestións laborais, como pola data porque fai mes e medio que se celebrou a pasada sesión ordinaria e que en oito días corresponderá a celebración da próxima. Engade que a obra da praza pública é unha das maiores necesidades desta parroquia pero a ubicación non lle parece axeitada, cedéndolle a palabra ao Sr. Rial Latres, quen como concelleiro de Dena pode expresar o sentimento dos veciños en relación co proxecto que se propón.

Toma a palabra o Sr. Rial Latres quen sinala que o sentimento dos veciños xa é coñecido polo grupo de goberno e non queren esa ubicación; engadindo que él tiña outro concepto da praza pública que Dena merece, os terreos nos que se proxecta ubicar poden ser válidos para aparcamento pero por ubicación e superficie non é a axeitada para a praza pública que Dena merece, rematando sinalando que non sabe o que se está a discutir si o proxecto ou a solicitude de subvención pero en calquera caso Dena merece outra cousa.

Contesta a Sra. alcaldesa que a razón desta convocatoria ven dada porque os proxectos técnicos non estaban elaborados para o pasado pleno ordinario e o prazo de solicitude de subvención ao abeiro deste plan remata o vindeiro día 4 de abril polo que tampouco daría tempo para vindeiro. En canto ao que se propón aprobar é a solicitude de subvención con cargo ao Plan Concellos 2018-2019 para a realización dun investimento plurianual non o proxecto técnico.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen sinala que non saben si se compraron os terreos nin canto costaron.

Contesta a Sra. alcaldesa que a compra foi acordada pola Xunta de Goberno en decembro e o prezo total das tres parcelas en torno aos cento vintedous mil euros.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria o Pleno da Corporación, informados das Bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 cuxo contido se coñece e acepta na súa totalidade, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, por catro votos en contra dos membros do Grupo Municipal MI e por seis votos a favor dos membros do Grupo Municipal do PP, acorda:

1º.- Solicitar unha subvención por importe de 348.809,68 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 con destino á realización e financiamento, con carácter plurianual, do investimento “PROXECTO DE URBANIZACIÓN PARA PRAZA PÚBLICA NA R/PONTE DENA-DENA”, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. Isidoro Callejo Rey, coa seguinte distribución por anualidades:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
2018	185.153,00 €	185.153,00 €
2019	163.656,68 €	163.656,68 €
TOTAL	348.809,68 €	348.809,68 €

2º.- O devandito gasto executarase en dous exercicios (2018-2019), elevando a porcentaxe do gasto que se imputará ao exercizo 2019, establecida para o exercizo inmediato seguinte.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.

3º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2018-2019. LIÑA 1 INVESTIMENTOS PARA A REALIZACIÓN, CON CARÁCTER PLURIANUAL, DA OBRA “APERTURA E URBANIZACIÓN DE VIAL EN IGLESIA-LORES”.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta da seguinte proposta da alcaldía na que sinala que “Vistas as Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicadas integramente no BOP nº 2 de data 3 de xaneiro de 2018 e en extrato no BOP nº 3 de data 4 de xaneiro de 2018, que teñen por obxecto reglar o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este Plan de carácter bianual para actuacións de competencia municipal e das que poderán beneficiarse os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes.

Considerando que, segundo se sinala na base quinta das devanditas Bases, no exercizo 2018, correspóndelle a cada concello distribuir libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Se ademais se solicita a tramitación dun investimento plurianual de importe igual ou superior a 100.000 euros, concederáse tamén a subvención correspondente con cargo ao exercizo 2019, non podendo ser superior para cada investimento á subvención correspondente ao exercizo 2018; tendo en conta que no exercizo 2019 a contía asignada a cada concello será destinada integramente ao financiamento de investimentos.

Considerando que dos criterios de reparto establecidos nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 a cantidade individual e definitiva que lle corresponde ao Concello de Meaño para o financiamento das solicitudes acollidas a liña 1 e 2 no exercizo 2018 ascenden a 386.626,08 € e no 2019 para a liña 1 a cantidade de 356.412,36 €.

Visto o proxecto de apertura e urbanización do vial en Iglesia-Lores, redactado polo arquitecto D. José Antonio Sueiro Sueiro, que ascende a presuposto total de execución por contrata de 346.600,42 €.

Considerando que, poderán adquirirse compromisos por gastos de investimentos que teñan que extenderse a exercicios posteriores a aquel no que se autorice, sempre que a execución se inicie no propio exercizo.

Considerando que, o número de exercicios a que poden aplicarse os gastos de investimentos plurianuais non poderá ser superior a catro e que o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar o crédito correspondente do ano na que a operación se comprometeu as seguintes porcentaxes: no exercizo inmediato seguinte, o 70%; no segundo exercizo, o 60%, e no terceiro e cuarto o 50%; correspondéndolle ao Pleno da Corporación ampliar o número de anualidades así como elevar estas porcentaxes.

Visto o que antecede e o informe da secretaria-interventora, esta Alcaldía proponlle a Comisión Especial de Contas que, informados das Bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 cuxo contido se coñece e acepta na súa totalidade, ditamine favorablemente este asunto e a súa vez lle propoña ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Solicitar unha subvención por importe de 346.600,42 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 con destino á realización e financiamento, con carácter plurianual, do investimento do “APERTURA E URBANIZACIÓN DE VIAL EN IGLESIA-LORES”, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. José Antonio Sueiro Sueiro, coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
2018	201.374,84 €	201.374,84 €
2019	145.225,58 €	145.225,58 €
TOTAL	346.600,42 €	346.600,42 €

2º.- O devandito gasto executarase en dous exercicios (2018-2019), elevando a porcentaxe do gasto que se imputará ao exercizo 2019, establecida para o exercizo inmediato seguinte.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.”


Sometido o asunto a deliberación toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, sinalando que se trata dunha infraestrutura necesaria para a parroquia de Lores e que xa fora concebida polo alcalde anterior.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria o Pleno da Corporación, informados das Bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 cuxo contido se coñece e acepta na súa totalidade, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos dez membros presentes do Grupos Municipais do PP e IM, acorda:

1º.- Solicitar unha subvención por importe de 346.600,42 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 con destino á realización e financiamento, con carácter plurianual, do investimento do “APERTURA E URBANIZACIÓN DE VIAL EN IGLESIA-LORES”, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. José Antonio Sueiro Sueiro, coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
2018	201.374,84 €	201.374,84 €
2019	145.225,58 €	145.225,58 €
TOTAL	346.600,42 €	346.600,42 €

2º.- O devandito gasto executarase en dous exercicios (2018-2019), elevando a





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

porcentaxe do gasto que se imputará ao exercizo 2019, establecida para o exercizo inmediato seguinte.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe da Sra. alcaldesa.

De e Praxe
A alcaldesa

Asdo Mª Lourdes Ucha Varela

